



Teaching Guide

Identifying Data					2017/18
Subject (*)	Medieval Spanish Literature	Code	613G01022		
Study programme	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Third	Obligatoria	6	
Language	Spanish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Letras				
Coordinador	Tato García, Cleofe	E-mail	cleofe.tato@udc.es		
Lecturers	Fernández Berrocal, María Encina Tato García, Cleofe	E-mail	encina.fberrocal@udc.es cleofe.tato@udc.es		
Web					
General description	Estudo da literatura medieval española nos seus principais autores e obras.				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A17	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results



Coñecer alguns dos principais autores e obras da literatura medieval española, percibindo as súas características e os elementos que permiten integralos nun mesmo período.	A1 A3 A5 A10 A11 A17 A18	B1 B2 B4 B5 B6 B7	C6 C7
Ser quen de comprender e explicar alguns dos textos significativos do período	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10	C3
Producir textos escritos de distinta extensión e alcance, debidamente redactados e organizados, nos que o estudante demostre a súa capacidade de reflexión crítica e sexa quen de aplicar os coñecementos sobre literatura e cultura á análise de textos, recurrido de xeito selectivo, cando é posible (e convinte), ao emprego doutra bibliografía e a recursos accesibles a traveso de internet.	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A17 A18	B1 B3 B5 B6 B7 B10	C7

Contents	
Topic	Sub-topic
1. Introducción.	Cuestións previas. Características xerais da Idade Media e da literatura medieval española. Periodización
2. A épica medieval española e o Romanceiro.	2.1. A épica española e as súas características. Os Ciclos épicos. Estudo do "Cantar de Mio Cid". 2.2. Os romances vellos: o problema da súa orixe. A súa difusión. Clasificación, temas, características.
3. Da lírica tradicional á poesía de cancionero	3.1. Jarchas e lírica tradicional. Características 3.2. A poesía cancioneril: panorama xeral. Marqués de Santillana: estudo da súa obra 3.3. Jorge Manrique: estudo da súa obra
4. Do "mester de clerecía" ao "Libro de Buen Amor"	4.1. O mester de clerecía: problemas, textos e autores. Gonzalo de Berceo: estudo dos seus "Milagros". 4.2. Juan Ruiz e o "Libro de Buen amor": principais problemas.
5. A prosa na Idade Media	5.1. Panorama xeral. Alfonso X e a súa obra en prosa. Principais tipos prosísticos e evolución. 5.2. Don Juan Manuel: estudo do "Libro del Conde Lucanor". 5.3. A prosa de ficción sentimental: aproximación a Diego de San Pedro e a "Cárcel de amor"
6. Formas dramáticas e semidramáticas no Medievo.	Teatro e espectáculo na Idade Media. Panorama xeral. O "Auto de los Reyes Magos".

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	A5	0.5	0	0.5



Guest lecture / keynote speech	A5 A11 A16 A17 A18 B1 B4 B5 B7	17	9	26
Mixed objective/subjective test	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C7	3	20	23
Workshop	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 B4 B5 B6 B7 C3 C6	19	10	29
Long answer / essay questions	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B4 B5 B6 B7 B10 C7	2	16	18
Workbook	A1 A5 A10 A15 A16 A17 A18 B1 B2 B3 B5 B6 C7	0.5	52	52.5
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Exame dos coñecementos previos relacionados coa materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe eficaz e significativa.
Guest lecture / keynote speech	Nas sesións expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente na profesora, que tentará ofrecer panoramas xerais sobre as etapas da Idade Media e sobre os distintos ámbitos literarios. Alén diso, para evitar que os estudantes lean e estuden as obras de lectura obrigatoria de forma illada, a docente ofrecerá unha visión xeral sobre a tradición na que se inscriben, un achegamento ao autor se o houber...; nestes casos, a exposición apoiarase nos textos, que os alumnos deben ter lido previamente, pois resultará imprescindible a súa intervención (si é pertinente) e a súa colaboración.
Mixed objective/subjective test	Proba na que se busca que o alumno responda por escrito, de xeito completo e coherente, a distintas preguntas. Valorarase a súa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.) e espírito crítico. Combinará a teoría e a praxe, de maneira que o estudante aplique as nocións teóricas adquiridas á análise de cuestións referidas aos textos de lectura. Mais tamén haberá demostrar que dispón de coñecementos básicos en relación coa literatura castelá medieval.
Workshop	Coa finalidade de afondar no estudio das obras, que han ser previamente lidas polos estudantes, combinaranse diversas metodoloxías e probas (prácticas guiadas, solución de problemas, exercicios de pregunta-respostas, pequenos debates, exercicios de comentario...).
Long answer / essay questions	Realizaranse dúas probas de ensaio ao longo do curso. O alumno deberá preparar previamente as lecturas das obras que se lle indiquen e os contidos relacionados con elas. Haberá desenvolver algún aspecto o tema aplicando os seus coñecementos e ofrecendo unha análise reflexiva e crítica, na que terá que demostrar, ademais, que levou a cabo unha lectura atenta, comprensiva e completa das obras.
Workbook	As lecturas das obras literarias son o eixo sobre o que pivota esta materia, mais, ademais, a profesora, nalgúns casos, poderá solicitar a lectura de artigos críticos e bibliografía complementaria.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Mixed objective/subjective test Workshop Workbook Long answer / essay questions	O alumno poderá sempre, se for preciso, requirir a atención personalizada da profesora, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta ou das dúas probas de ensaio como nas sesións adicadas a obradoiro ou nas lecturas, pero nunca para suplir as explicacións que non teña seguido por ausentarse inxustificadamente da aula.



Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Mixed objective/subjective test	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C7	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase nas datas oficiais unha proba mixta de carácter teórico-práctico na que se plantexarán distintas preguntas. En varias delas o alumno centrarase na análise de diversos aspectos relacionados coas obras de lectura: ha aplicar os coñecementos teóricos adquiridos ao tempo que demostra que leu os textos. Alén diso, importa que saiba situar os principais autores e textos (precisando xénero) do período de maneira correcta.	50
Workshop	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 B4 B5 B6 B7 C3 C6	Baixo a guía da profesora, búscase que os estudantes, en colaboración ou individualmente, apliquen os coñecementos vistos nas sesións maxistras e reflexionen sobre aspectos concretos (por escrito ou oralmente) a propósito das lecturas; algunha vez deberán elaborar individualmente textos (sínteses, esquemas, pequenos comentarios...). Algunha(s) desas actividades será(n) tida(s) en conta na avaliación.	10
Long answer / essay questions	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B4 B5 B6 B7 B10 C7	Na data que a profesora estableza (en razón do avance dos contidos), os estudantes deben realizar dúas probas de ensaio na clase e entregalas. Nelas desenvolverán un tema ou aspecto referido a algunha das obras de lectura obrigatoria; han ser quen de aplicar os coñecementos teóricos á análise dos textos e tamén de demostrar que teñen feita deles unha lectura detida e crítica. Valorarase o enfoque e a profundidade da análise, así como a claridade expositiva e a organización das ideas.	40

Assessment comments

Só se aceptarán as actividades e probas de ensaio realizadas e entregadas na data prevista, en soporte de papel e seguindo as normas que se precisarán en cada caso. Non se poderá aprobar a materia sen ter unha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba mixta e en cada unha das probas de ensaio; o estudante recibirá a cualificación "Non Presentado" cando non se presente á proba mixta.

Na segunda oportunidade (xullo), aplicarase o mesmo sistema de avaliación; no exame, que se celebrará na data oficial fixada pola Facultade, complementariamente o alumno dará conta tamén, nese mesmo momento, das dúas probas de ensaio e das actividades se as ten pendentes.

Dase por suposta a asistencia ás aulas. Aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida será avaliado mediante a proba mista (50%) e a proba de ensaio (50%); debe poñerse en contacto coa profesora ao inicio do curso para establecer con precisión o mecanismo de seguimento da súa actividade (especialmente para a fixación das datas da realización das probas).

A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo debe ser a que corresponde ao terceiro curso do Grao de español (non só se tomará en consideración, por tanto, a corrección ortográfica e gramatical). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fora da aula non garde relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza en clase baixo o control da profesora, para avaliar a expresión tomaranse como referencia os escritos que aquel elaborou sen axuda externa.

Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none"> - BELTRAN, Vicenç (2013). Jorge Manrique, Poesía. Madrid, RAE - Di SETEFANO, Giuseppe (ed.) (2010). Romancero. Madrid, Castalia - MONTANER FRUTOS, Alberto (ed.) (2011). Cantar de Mio Cid. Madrid, Real Academia Española - PARRILLA, Carmen (1995). Diego de San Pedro, "Cárcel de amor". Barcelona, Crítica - PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (1999). Marqués de Santillana, Poesía lírica. Madrid, Castalia <p>Son estas as obras completas de lectura obrigatoria, as que haberá que engadir a selección de textos que facilite a profesora para lírica tradicional, mester de clerecía, "Libro de Buen Amor", prosa histórica, prosa didáctica, teatro, etc. (tamen pode proporcionar algún artigo crítico para ler).</p>
--------------	--



Complementary	<ul style="list-style-type: none">- ALVAR, Carlos y Ángel GOMEZ MORENO (1987). La poesía lírica medieval. Madrid: Taurus- CANAVAGGIO, Jean (1994). Historia de la literatura española. Madrid: Gredos- DEYERMOND, Alan (1995). Historia de la literatura española I. La Edad Media. Barcelona: Ariel- DÍEZ BORQUE, José María (dir.) (1980). Historia de la literatura española. Madrid: Taurus- GÓMEZ REDONDO, Fernando (1998-2002). Historia de la prosa medieval castellana. Madrid: Cátedra- GÓMEZ REDONDO, Fernando (2012). Historia de la prosa de los Reyes Católicos: el umbral del Renacimiento. Madrid: Cátedra- LACARRA, M^a Jesús y Juan Manuel CACHO BLECUA (2012). Historia de la literatura española. I. Entre oralidad y escritura: la Edad Media. Crítica: Barcelona- LÓPEZ ESTRADA, Francisco (1987). Introducción a la literatura medieval española. Madrid: Gredos- MENÉNDEZ PELÁEZ, Jesús (1993). Historia de la literatura española. Edad Media. León: Everest- MEREGALLI, Franco (coord.) (1990). Historia de la literatura española. 1. Desde los orígenes al siglo XVII. Madrid: Cátedra- PEDRAZA JIMÉNEZ, Felipe B. y Milagros RODRÍGUEZ CÁCERES (1981). Manual de literatura española. Edad Media. Pamplona: Cénlit- RICO, Francisco (coord) (1991). Historia y crítica de la literatura española. Edad Media. Primer suplemento. Barcelona: Crítica- RODRÍGUEZ CACHO, Lina (2009). Manual de Historia de la literatura española. 1. Siglos XIII al XVII. Madrid: Castalia <p>Ofrécese aquí só a referencia de distintas historias da literatura; para cada tema entregárase un guión e unha bibliografía.</p>
----------------------	---

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Introduction to Literary Studies /613G01005

Spanish Literature/613G01011

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.